

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Secretaría

*Bases da convocatoria do programa "As Pontes Emprende" de axudas municipais á creación de empresas para os anos 2018 e 2019*

##### ANUNCIO

Mediante o decreto n.º 1787/2019, do 30 de outubro, a concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, efectuou a convocatoria das subvencións que se indica, con suxeición ás seguintes:

#### **BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA "AS PONTES EMPRENDE" DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS PARA OS ANOS 2018 E 2019**

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Concellería de Industria, que comprende en particular, as áreas de Desenvolvemento e Promoción económica, co fin de cumprir cos obxectivos dirixidos a paliar o desemprego na nosa localidade, pretende incentivar a conversión de persoas desempregadas en traballadores/as autónomos/as e a creación de empresas, axudando a crear desta forma unha situación o suficientemente consistente para que a persoa traballadora que se acolla a estas axudas poida afrontar o reto do establecemento como traballador/a por conta propia ou a posta en marcha do proxecto empresarial.

Por medio desta actuación trátase de dinamizar a pequena e mediana empresa, as persoas autónomas e ao comercio tradicional, incentivando deste xeito a actividade económica local.

##### BASE 1.ª.-FINALIDADE.

Esta disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para os anos 2018 e 2019 das Axudas Municipais para o Fomento da Creación de Empresas no ámbito do Concello das Pontes.

Así mesmo a convocatoria abarque as axudas á creación de empresas no ano 2018 e que por inactividade da administración non poideron ser resoltas no periodo establecido legalmente. O tratamento das solicitudes efectuadas dentro do prazo establecido na convocatoria do ano 2018, efectuaranse na base n.º15 das presentes, dada a súa especial natureza.

Este programa ten por finalidade incentivar a creación de novos proxectos empresariais e en xeral fomentar a actividade empresarial, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello das Pontes

##### BASE 2.ª.-OBXECTO E BENEFICIARIOS/AS.

###### 2.1.-OBXECTO.

Poden ser obxecto desta subvención os novos proxectos empresariais emprendidos no ámbito deste concello por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que tivesen iniciado a súa actividade dende o 1 de outubro do ano 2018 (entendendo por inicio de actividade a alta definitiva no censo de obrigados tributarios). Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido na Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, Diario Oficial da Unión Europea 124, pp. 36-41, do 20 de maio de 2003.

###### 2.2.-BENEFICIARIO/A.

Poderá ser beneficiario/a calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial, sexa autónoma individual ou autónoma integrada nunha sociedade civil, mercantil, sociedade laboral ou comunidade de bens que, ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os especificamente fixados no antedito apartado, cumpran os seguintes requisitos:

Para as persoas físicas:

- 1) Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello das Pontes nos seguintes termos:

- En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal das Pontes.
- 2) Requirirase estar empadroadado ou empadroadada no Concello das Pontes no momento de inicio da actividade.
- 3) Figurar inscrito ou inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Sociale, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional, na data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social au mutualidade de colexio profesional.
- 4) Estar dao ou dada de alta no Réxime especial de traballadores autónomos ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais a partir do 01 de outubro de 2018.
- 5) Que sexan empresas de nova creación –considerando incluídos en tal concepto os traspasos de negocios– sen que se admitan supostos de empresas procedentes da transformación xurídica. O inicio da actividade económica virá determinado pola alta no censo de obrigados tributarios e actividades económicas.
- 6) Que presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financeiramente, acreditado na forma establecida no anexo III desta convocatoria. Este proxecto será avaliado polo persoal da Concellería de Industria pertencente a rede de técnicos e técnicas de emprego de Galicia.
- 7) Que non desenvolvesen, como traballadoras e traballadores autónomos no R.E.T.A. ou réxime similar, igual actividade empresarial no Concello de As Pontes, nos seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da CNAE. No caso dunha nova actividade formada por varias persoas socias e no que algunha delas xa estivese dada de alta como autónoma na mesma ou similar actividade, será requisito indispensable para a súa concesión, que, como mínimo o 50% do capital sexa de titularidade dos novos empresarios ou empresarias.
- 8) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello das Pontes, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social serán comprobados de oficio.
- 9) Manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de dezaioito meses; en caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado/a a comunicar e reintegrar ao Concello de As Pontes a totalidade da subvención percibida.
- 10) Cumprir o Título III “Regulación integrada do exercicio de actividades”, conforme a Lei 9/2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 11) Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria os empresarios/as e as pequenas e medianas empresas nos que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 12) As persoas beneficiarias estarán suxeitas ás obrigas xerais que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para as persoas xurídicas:

- 13) Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello das Pontes nos seguintes termos:
  - En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal das Pontes.
- 14) Requirirase estar empadroadado ou empadroadada no Concello das Pontes no momento de inicio da actividade ao 50% das persoas socias titulares.
- 15) Figurar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Sociale, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional, na data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social au mutualidade de colexio profesional; ao 50% das persoas socias titulares.
- 16) Estar de alta no Réxime especial de traballadores autónomos ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais a partir do 01 de outubro de 2018 ao 50% das persoas socias titulares.
- 17) Que sexan empresas de nova creación – considerando incluídos en tal concepto os traspasos de negocios- sen que se admitan supostos de empresas procedentes da transformación xurídica. O inicio da actividade económica virá determinado pola alta no censo de obrigados tributarios e actividades económicas.

18) Que presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financeiramente, acreditado na forma establecida no anexo III desta convocatoria. Este proxecto será avaliado polo persoal da Concellería de Industria pertencente a rede de técnicos de emprego de Galicia.

19) Que non desenvolvesen, como traballadores autónomos/as no R.E.T.A ou réxime similar, igual actividade empresarial no Concello de As Pontes, nos seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da CNAE. No caso dunha nova actividade formada por varias persoas socias e no que algunha delas xa estivese de alta como autónomo/a na mesma ou similar actividade, será requisito indispensable para a súa concesión, que, como mínimo o 50% do capital sexa de titularidade dos novos empresarios ou empresarias.

20) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello das Pontes, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social serán comprobados de oficio.

21) Manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de dezaioito meses; en caso contrario, a persoa beneficiaria estará obrigada a comunicar e a reintegrar ao Concello de As Pontes a subvención percibida.

22) Cumprir o Título III "Regulación integrada do exercicio de actividades", conforme a Lei 9/2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

23) Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria os empresarios/as e as pequenas e medianas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

24) As persoas beneficiarias estarán suxeitas ás obrigas xerais que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **BASE 3.ª.-CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria, faranse con cargo ao orzamento da Concellería de Industria na aplicación orzamentaria 2019.433.47000 por un importe de 54.900,00 € euros anuais e na partida orzamentaria 2019.433.77000 por importe de 80.000 € anuais.

En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria de referencia, no momento en que se dite resolución da concesión. Non obstante, os créditos asignados á convocatoria poderán incrementarse, en calquera dos seus procedementos, como consecuencia de xeracións, incorporacións ou ampliacións da partida orzamentaria que a financian, sempre que sexan aprobadas antes da resolución de concesión.

A contía máxima a conceder a cada persoa beneficiaria (física ou xurídica) non poderá superar os 4.000 €, debendo axustarse os proxectos que optan á subvención, aos requisitos establecidos no obxecto da convocatoria e aos gastos a subvencionar especificados na base 4.ª desta convocatoria.

#### **BASE 4.ª.-TIPO, GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DAS AXUDAS.**

4.1.-As axudas son a fondo perdido; o importe das subvencións fixarase atendendo ao orzamento, á documentación aportada pola persoa ou empresa solicitante e ás dispoñibilidades orzamentarias. A contía final determinarase tendo en conta o criterio de suficiencia para o financiamento da acción proposta.

4.2.-A finalidade das axudas engadidas nesta convocatoria enmárcase en dúas liñas de actuación:

1) INPULSATE: axuda cun importe máximo de dous mil euros (2.000 €) por persoa beneficiaria (física ou xurídica) para os gastos de aluguer para o desenvolvemento da actividade relativos ao ano 2019.

2) INSTALATE: axuda cun importe máximo de dous mil euros (2.000 €) por persoa beneficiaria (física ou xurídica) para os gastos de inmovilizado material e inversión en adecuación de locais para a posta en marcha da actividade, relativos ao ano 2019.

#### **BASE 5.ª.-CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIONES.**

Esta subvención é incompatible coas axudas percibidas á creación de empresas ou do propio posto de traballo convocadas pola Consellaría de Economía, Emprego e Industria que financien os gastos de alugueiro ou gastos de inmovilizado material e inversión en adecuación de locais para a posta en marcha da actividade.

Si será compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións, en particular e dado o seu carácter, as axudas establecidas nesta convocatoria serán compatibles coa capitalización ou pagamento único da prestación por desemprego.

En ningún caso, o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, superen os custes de alugueiro ou para os gastos de inmovilizado material e inversión en adecuación de locais necesarios para a posta en marcha ou o desenvolvemento da actividade subvencionados.

A persoa solicitante deberá declarar as axudas que obtivera ou solicitara para o mesmo fin, tanto ao iniciarse o expediente coma en calquera momento posterior, si así se lle solicitara.

#### **BASE 6.ª.-PROCEDIMENTO DE INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN E CONCESION DAS AXUDAS.**

6.1.–O procedemento de concesión da subvención recollida nestas bases axustarase ao disposto no art. 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e relación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos, até o esgotamento do crédito orzamentario, e sen prexuízo do previsto no artigo 31.2 e 4 do mesmo texto.

Con todo, no suposto de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superar o importe máximo do mesmo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada do concello.

6.2.–A instrución do procedemento a realizará a Concellería de Industria do Concello das Pontes.

6.3.–Recibida a solicitude se non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, o órgano instrutor do procedemento, de conformidade co disposto no artigo 71 da LPAC, requirirá á persoa solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixera, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

6.4.–De acordo co previsto no artigo 22 da Lei 09/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano instrutor verificará a concorrencia dos requisitos requiridos nesta convocatoria para conceder as subvencións; para tal efecto, realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formular a proposta de resolución. O órgano instrutor, previo informe previo do persoal técnico da Concellería de Industria, formulará a proposta definitiva de concesión de subvención ou no seu caso, da súa denegación ou exclusión.

6.5.–En calquera momento do procedemento poderá instarse á persoa ou entidade solicitante para que cumprimente calquera requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LPAC), concedéndose para ese efecto un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da notificación, con expreso apercibimento de que, de non facelo así, poderáselle declarar decaído no seu dereito ao devandito trámite; con todo, admitirase a actuación da persoa interesada e producirá efectos legais, de producirse antes ou dentro do día en que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo.

6.6.–A proposta de resolución remitirase á Concelleira Delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, que será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións no prazo máximo de nove meses dende o inicio do procedemento, de acordo co disposto no artigo 23,4 e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Este prazo computarase a partir da publicación das correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a concelleira-delegada dite resolución expresa, entenderase desestimada a petición de axuda por silencio administrativo.

Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

A resolución da Concelleira-Delegada, de concesión ou denegación das axudas, esgota a vía administrativa e notifícase as persoas solicitantes no prazo de dez días desde que se dita, de acordo con previsto no artigo 58 da LPAC. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte da súa notificación, perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co artigo 116 da LPAC e dos artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulamentaria da xurisdición contenciosa-administrativa. Potestativamente, poderá formularse recurso de reposición, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte da notificación do mesmo, perante o órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa LPAC.

6.7.–As persoas ou empresas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación do outorgamento da subvención a comunicarlle á Concellería de Industria, a aceptación ou renuncia, por escrito, das axudas; transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

#### **BASE 7.ª.–SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

7.1.–As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte a data de publicación do extracto da convocatoria das presentes bases no Boletín oficial da provincia da Coruña e ata o 30 de novembro de 2019, segundo o modelo establecido no Anexo I, no rexistro do Concello ou por calquera outro medio establecido no artigo 13 e 14 da LPAC.

Xunto coa solicitude, aportarase a totalidade da seguinte documentación:

##### **Documentación xeral:**

- Ficha solicitude (anexo I) dirixida á Concellería de Industria.
- DNI da persoa solicitante e, no seu caso, do seu ou da súa representante legal. No caso dda traballadoras ou traballadores autónomos estranxeiros non comunitarios permiso de residencia e permiso de traballo.
- CIF, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, de ser caso.
- Alta no Réxime especial de traballadores autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente.
- Informe de vida laboral ou xustificante no que se especifique a inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego na data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.
- Alta no Censo de Obrigados Tributarios (modelo 036 ou 037).
- Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día co Concello de As Pontes.
- Xustificante do cumprimento do Título III “Regulación integrada do exercicio de actividades”, conforme a Lei 9/2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Certificado de empadramento no momento de inicio da actividade.
- Anexo II desta convocatoria: declaración responsable.
- Anexo III desta convocatoria: Memoria de proxecto empresarial a desenvolver, ou calquera outro que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- Anexo IV desta convocatoria: Relación numerada de xustificantes de gasto.
- Anexo V desta convocatoria: Modelo de designación de conta bancaria para a transferencia da subvención.
- Anexo VI desta convocatoria: Comprobación de datos

##### **Documentación específica:**

###### **1.º.–Liña Impulsate:**

- Contrato de aluguer.
- Recibos de aluguer onde consten a retención de IRPF e o iva.
- Xustificante de transferencia bancaria do pagamento do aluguer.

###### **Liña instalate:**

###### **2.º.–Liña Instalate:**

- Facturas que acrediten os gastos de investimento ou adquisición de inmovilizado para a posta en marcha ou desenvolvemento da actividade.
- Xustificante de transferencia bancaria do pagamento dos gastos de inmovilizado material ou adecuación do local.

Cando as persoas beneficiarias da subvención sexan persoas xurídicas, os xustificantes de gasto (facturas) deberán estar a nome da sociedade (civil, mercantil, laboral, etc.)

En aplicación do artigo 35 f) da LPAC, os/as cidadáns quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos anteriores cando calquera deles se atope en poder do Concello. Para tal fin, as persoas interesadas deberán indicar a data e o órgano de presentación do documento en cuestión.

#### **BASE 8.ª.-AUTORIZACIÓNS.**

8.1.–A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano instrutor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello das Pontes, segundo o establecido no artigo 20 da lei 09/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que se lle requira deberá presentar ditas certificacións.

8.2.–Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada da expresamente autorización ao Concello das Pontes para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida.

Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o Concello das Pontes como responsable dos ficheiros, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### **BASE 9.ª.-FORMA DE PAGAMENTO.**

O aboamento da subvención efectuarase mediante un pagamento único e o mesmo quedará condicionado a que:

- Se acredite a execución da actuación coa presentación da xustificación conforme ao establecido na Base 7.ª e 10.ª desta convocatoria.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

#### **BASE 10.ª.-XUSTIFICACIÓN PARA O SEU ABOAMENTO.**

O abono da subvención levarase a cabo mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada é a correcta de conformidade co obxecto da subvención, e tendo en conta que esta xa deberá formar parte da documentación que acompaña á solicitude.

Os gastos xustificables serán do exercicio no que se conceda a subvención e unicamente poderase presentar unha solicitude por persoa beneficiaria, física ou xurídica.

#### **BASE 11.ª.-VERIFICACIÓN E CONTROL.**

As persoas beneficiarias deberán levar a contabilidade segundo a normativa que lles resulte aplicable, de xeito que quede garantido o rexistro dos gastos subvencionables e de todos os ingresos obtidos, diferenciando entre os recursos xerais e os afectados especificamente ao financiamento do proxecto ou actividade subvencionada.

No caso das subvencións para investimentos en adecuación de locais, os bens rehabilitados ou mellorados serán destinados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención por un prazo mínimo de cinco anos para o caso de bens inscribibles nun rexistro público e dous anos para o resto dos bens.

As persoas beneficiarias terán a obriga de facilitar todas as actuacións de comprobación que se efectúen polo órgano instrutor para o seguimento das axudas. Así mesmo, quedarán sometidas ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Intervención do Concello das Pontes e ao Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### **BASE 12.ª.-MODIFICACIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS CONCEDIDAS.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así coma a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Procederá a revogación da subvención, así coma o reintegro total das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora, cando exista incumprimento pola persoa beneficiaria de calquera dos requisitos, condicións e demais circunstancias que deron lugar ao outorgamento da subvención, dando lugar á anulación da subvención concedida. Polo que terá que firmar a declaración responsable facilitada no anexo II, véndose obrigado a poñer en coñecemento desta administración calquera alteración da condicións tidas en conta nas presentes bases.

#### **BASE 13.ª.-RESPONSABILIDADES, RÉXIME SANCIONADOR E REINTEGROS.**

13.1.–As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime de sancións que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, que establece o Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.2.–Ademais das causas de invalidez da resolución da concesión, recollidas no art. 36 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así coma á

esixencia dos xuros de demora desde a data de pagamento da subvención até que se acorde a procedencia de reintegro da mesma, os casos contemplados no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e, en concreto, por obterse a subvención falseando as condicións requiridas para conseguilo ou ocultando aquelas que o impedirán.

13.3.–O procedemento de reintegro de subvencións rexerá polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título VI da LPAC.

13.4.–Procederá o reintegro total da axuda percibida o incumprimento da obriga establecida nestas bases de manter a actividade durante un mínimo de dezaioito meses.

13.5.–Na tramitación do procedemento de reintegro garantirase, en todo caso, o dereito da persoa interesada a audiencia. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses, desde a data de acordo de iniciación. Dito prazo poderá suspenderse e ampliarse, de acordo co previsto nos apartados 5 e 6 do artigo 42 da LPAC. De transcorrer o prazo para resolver sen que se notificara a resolución expresa de reintegro, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións até o remate e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas até o remate do antedito prazo.

#### **BASE 14.<sup>a</sup>.–PUBLICIDADE.**

##### **14.1.–PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2019 do “Programa As Pontes Emprende de axudas municipais á creación de empresas”, coma un dos incentivos de promoción económica do Concello das Pontes, publicarase no Boletín oficial da provincia e na páxina web [www.aspontes.org](http://www.aspontes.org), unha vez aprobadas polo órgano competente; as anteditas bases reguladoras, a convocatoria e os modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitarase no Instituto Pontés de Promoción Económica da Concellería de Industria, na páxina web [www.aspontes.org](http://www.aspontes.org) e no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes.

##### **14.2.–PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.**

Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes das axudas serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as anteditas axudas e serán tratados para os exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria serán publicadas no BOP da Coruña, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, persoas beneficiarias, cantidade concedida e finalidade da subvención. As persoas solicitantes as que se lle conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito á honra, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación a listaxe de todas as axudas que se concedan será publicada, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.aspontes.org](http://www.aspontes.org) e no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes.

##### **14.3.–PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO.**

As empresas ou persoas autónomas beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria quedan obrigadas a expoñer un cartel (de forma visible e durante un ano) informativo da súa participación no “Programa As Pontes Emprende de axudas municipais a creación de empresas para o ano 2019” do Concello das Pontes. O cartel será subministrado pola Concellería de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

#### **BASE 15.<sup>a</sup>.–SOLICITUDES DO EXERCICIO 2018.**

##### **15.1. SOLICITUDES.**

As persoas físicas ou xurídicas que presentaron as súas solicitudes ao abeiro da convocatoria do ano 2018, publicada no BOP n.º 121 do 07/06/2018, unicamente terán que presentar, no prazo a que se refire a base 7.º da presente convocatoria, un escrito ratificando a súa solicitude, sen necesidade de achegar de novo os documentos que presentaron na solicitude inicial. (Adxúntase modelo no Anexo VI)

Media o anterior, a entidade local poderá requirir que se presente calquera outro documento distinto preciso para resolver, ou solicitar a aclaración de calquera extremo.

##### **15.2. RESOLUCIÓN.**

A resolución das solicitudes do ano 2018 serán previas as das do exercicio 2019.

##### **15.3. APLICACIÓN DAS PRESENTES BASES.**

Sen prexuízo do tratamento específico conferido na presente base 15.<sup>a</sup>, a estas solicitudes seralles de aplicación a regulación das restantes bases, en todo aquilo que resulte compatible coa súa natureza.

**ANEXO I****SOLICITUDE DE SUBVENCION Á CREACION DE EMPRESAS (CONVOCATORIA 2019)****1.- DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA SOLICITANTE**

DNI, NIE: \_\_\_\_\_ Data nacemento: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Tipo vía: \_\_\_\_\_ Enderezo: \_\_\_\_\_ N.º: \_\_\_\_\_ Portal: \_\_\_\_\_

Esc.: \_\_\_\_\_ Planta: \_\_\_\_\_ Porta: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Concello: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

**2.- DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS**

DNI, NIE: \_\_\_\_\_ Data nacemento: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Tipo vía: \_\_\_\_\_ Enderezo: \_\_\_\_\_ N.º: \_\_\_\_\_ Portal: \_\_\_\_\_

Esc.: \_\_\_\_\_ Planta: \_\_\_\_\_ Porta: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Concello: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

**3.- DATOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA**

Actividade económica (descrición) \_\_\_\_\_ CNAE: \_\_\_\_\_

Enderezo do negocio: Tipo vía: \_\_\_\_\_ Enderezo: \_\_\_\_\_

N.º: \_\_\_\_\_ Portal: \_\_\_\_\_ Esc.: \_\_\_\_\_ Planta: \_\_\_\_\_ Porta: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Municipio: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Data de alta na Seguridade Social: \_\_\_\_\_

Número de inscrición na Seguridade Social: \_\_\_\_\_

Data de alta no IAE: \_\_\_\_\_

**4.- LIÑA DE SUBVENCIONS Á/ÁS QUE CONCORRE (marcar):** LIÑA IMPULSATE. LIÑA INSTALATE.

**5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marcar so a documentación que se achega tendo en conta que non será necesario presentar a documentación pola que se realiza a AUTORIZACIÓN do art. 3 do Anexo II)**

- DNI da persoa solicitante e, no seu caso, do seu ou da súa representante legal ou documentación equivalente para os estranxeiros/as (no caso de persoas traballadoras estranxeiras non comunitarias tamén será necesario permiso de residencia e de traballo).
- C.I.F., escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil.
- Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente.
- Informe da vida laboral actualizada do traballador ou traballadora na data da solicitude.
- Alta no Censo de Obrigos Tributarios (modelo 036 ou 037)
- Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE)
- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día nas súas obrigas co Concello de As Pontes.
- Xustificante do cumprimento do Título III “Regulación integrada do exercicio de actividades”, conforme a Lei 9/2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Certificado de empadramento do momento de inicio da actividade.
- Contrato de aluguer (só liña IMPULSATE).
- Recibos de aluguer e dos xustificantes de transferencia bancaria de pagamento do aluguer (só liña IMPULSATE).
- Xustificante de transferencia bancaria do pagamento do aluguer(só liña IMPULSATE).
- Facturas que acrediten os gastos de investimento ou adquisición de inmovilizado para a posta en marcha ou desenvolvemento da actividade (só liña INSTALATE).
- Xustificante de transferencia bancaria do pagamento dos gastos de inmovilizado (só liña INSTALATE).
- Anexo II de declaración responsable.
- Anexo III Memoria de proxecto empresarial a desenvolver, ou calquera outro que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.

- Anexo IV desta convocatoria: relación numerada de xustificantes de gasto.
- Anexo V desta convocatoria: Modelo de designación de conta bancaria para a transferencia da subvención.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura

Concellería de Industria

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos facilitados a través desta instancia serán tratados de xeito confidencial. Estes datos serán incorporados aos ficheiros do Concello das Pontes de García Rodríguez relacionados con este trámite. Os datos utilizaranse para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que vostede inicia con esta solicitude. Así mesmo, infórmase de que en calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**ANEXO II****DECLARACION RESPONSABLE**

\_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, e con enderezo a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_

1º) DECLARO RESPONSABLEMENTE, en relación coa convocatoria do Programa de axudas municipais do concello das Pontes á creación de empresas para o ano 2018, que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non incorro en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a da subvención establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 09/2007, de subvencións de Galicia e reúno as condicións para ser beneficiario/a de acordo co previsto na base segunda desta convocatoria.
- Non desenvolvín igual ou similar actividade empresarial ou profesional na mesma localidade, ou na súa área de influencia, nos seis meses anteriores a data de inicio desta nova actividade.

2º) Asemade, DECLARO RESPONSABLEMENTE, en canto a outras subvencións en relación co obxecto da subvención solicitada (marcar unha opción):

- Que para este proxecto, solicitei e/ou obtiven as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda	Organismo	Disposición Reguladora	Solicitada / Concedida	Ano	Importe

ou, alternativamente:

- Que non solicitei nin, polo tanto, teño concedidas outras axudas ou subvencións de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, para a mesma finalidade que as subvencións para a creación de empresas convocadas polo Concello das Pontes.
- Que non obtiven axuda para a creación de empresas ou do propio posto de traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria que financien os gastos de alugueiro e adquisición de inmovilizado para o desenvolvemento da actividade.

3º) AUTORIZO ao Concello das Pontes a obter a seguinte documentación ou certificacións establecidas na base 7ª desta convocatoria:

- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.

- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
  - Certificado de estar ao día nas obrigas co Concello de As Pontes
  - Xustificante do cumprimento do Título III “Regulación integrada do exercicio de actividades”, conforme a Lei 9/2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
  - Certificado de empadramento do momento de inicio da actividade.
- 4º) ACEPTO as actuacións de comprobación e seguimento que leve a cabo o órgano instrutor da Concellería de Industria.
- 5º) AUTORIZO a Concellaría de Industria do Concello das Pontes, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, a realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa, nomeadamente, a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante os primeiros dezaioito meses da actividade, conforme ao establecido na base segunda e undécima da convocatoria.
- 6º) AUTORIZO, para os efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Concellaría de Recursos Humanos, Industria e Emprego a incorporar estes datos, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello das Pontes que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei Xeral de Subvencións, 38/2003 e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.
- Son, así mesmo, consciente de que os datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, e comprométome a comunicar no menor prazo de tempo posible a Concellería de Industria, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. A unidade tramitadora, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.
- Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercitar os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación á Concellería de Industria.
- 7º) COÑEZO as responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.
- 8º) DECLARO RESPONSABLEMENTE, o compromiso de poñer en coñecemento do concello de As Pontes toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e recollidas nas presentes bases de convocatoria.

As Pontes de García Rodríguez, \_\_\_ de \_\_\_ do 20\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_



**4.- DESCRIPCION DA ACTIVIDADE**

Data de inicio de actividade \_\_\_\_\_.

Descrición e desenvolvemento de actividades:

---



---



---



---



---



---



---



---

Forma xurídica: \_\_\_\_\_

Número de socios/as: \_\_\_\_\_.

**5.- PLAN DE INVESTIMENTOS**

INMOVILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE	IMPORTE (€)
Terreos e construcións	
Compra de locais	
Acondicionamento do local	
Instalacións	
Ferramentas	
Maquinaria	
Elementos de transporte	
Mobiliario	
Equipos de proceso de información	
Investigación e desenvolvemento	
Concesións administrativas	
Propiedade Industrial	
Fondo de comercio	
Dereitos de traspaso	
Aplicacións informáticas	
Outros	
<b>TOTAL INVESTIMENTO INICIAL</b>	

**6.- PLAN DE FINANCIAMENTO**

FINANCIAMENTO INICIAL	IMPORTE (€)
Fondo propios ou achegas de socios	
Financiamento alleo (préstamos ou créditos)	
Outras fontes de financiamento	
<b>TOTAL FINANCIAMENTO INICIAL</b>	

**7.- CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PREVISTA PARA O PRIMEIRO ANO.**

<b>INGRESOS</b>	<b>1º ANO</b>
Vendas	
Prestacións de servizos	
Outros ingresos	
Total ingresos	

<b>GASTOS</b>	<b>1º ANO</b>
Gastos de constitución	
Compras mercadorías, materias primas, etc...	
Arrendamentos	
Servizos de profesionais independentes	
Publicidade	
Transportes	
Seguros do local	
Outros seguros	
Subministración (electricidade, auga, etc.)	
Tributos	
Gastos Seguridade Social do promotor/a	
Gastos do persoal contratado	
Gastos financeiros	
Dotación por amortizacións	
Outros	
Total gastos	
<b>BENEFICIO PREVISTO (ingresos-gastos)</b>	

As Pontes de García Rodríguez, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

## ANEXO IV

## RELACION NUMERADA DE XUSTIFICANTES DE GASTO

## SOLICITANTE

DNI, NIE: \_\_\_\_\_ Data nacemento: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Tipo vía: \_\_\_\_\_ Enderezo: \_\_\_\_\_

N.º \_\_\_\_ Portal: \_\_\_\_\_ Esc.: \_\_\_\_\_ Planta: \_\_\_\_ Porta: \_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Concello: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Para a súa xustificación e previo ao pagamento da subvención (marcar)

 LIÑA IMPULSATE

DECLARO: que a totalidade dos gastos presentados son conforme aos requisitos e criterios establecidos nas Bases da Convocatoria desta subvención o cal acredito mediante a presentación dos seguintes xustificantes bancarios do pagamento

Nº ORDEN	Aluguer Mes	Importe	Observacións
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
		Total: .....	

 LIÑA INSTALATE

DECLARO: que a totalidade dos gastos presentados son conforme aos requisitos e criterios establecidos nas Bases da Convocatoria desta subvención o cal acredito mediante a presentación dos seguintes xustificantes bancarios do pagamento

Nº ORDEN	CIF QUEN EXPIDE FACTURA	NOME QUEN EXPIDE FACTURA	Importe	Observacións
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
			Total: .....	...

As Pontes de García Rodríguez, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura

## ANEXO V

## MODELO DE DESIGNACION DE CONTA BANCARIA

(Anexo 2º de la OM de 27/12/1995, BOE de 03/01/1996)

## I. Datos da persoa acreedora (deberá acompañar copia del NIF)

NIF	Nombre o denominación social	
Domicilio fiscal		Municipio
Provincia	Código Postal	Teléfono

## II. Datos da persoa representante

NIF	Nombre
-----	--------

## III. Alta de datos bancarios

Código SWIFT	Código IBAN	Código Entidad	Código Sucursal	DC	Número de cuenta
<p>A CUBRIR POR LA ENTIDAD DE CRÉDITO</p> <p>Certifico, a petición de la persona indicada en “I. Datos del acreedor” y a efectos de la domiciliación de los importes que a la misma le vaya a ordenar la Tesorería Municipal del Ayuntamiento de As Pontes de García Rodríguez, la existencia de la cuenta referenciada en “III. Alta de datos bancarios”, abierta a nombre del titular que se indica en el citado apartado “I. Datos del acreedor”.</p> <p style="text-align: right;">POR</p> <p>LA ENTIDAD DE CRÉDITO (Sello de la entidad de crédito)</p> <p style="text-align: right;">Fdo.:</p> <p>_____</p>					

## IV. Baja de datos bancarios

Código Entidad	Código Sucursal	DC	Número de cuenta
----------------	-----------------	----	------------------

(Firma da persoa acreedora ou representante)

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_

Firma: \_\_\_\_\_

**ANEXO VI****MODELO DE RATIFICACIÓN****RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DAS AXUDAS MUNICIPAIS A CREACIÓN DE EMPRESAS DA CONVOCATORIA 2018**

A persoa física/xurídica ....., con DNI/CIF ..... presentou ao Concello de As Pontes solicitude das axudas municipais a creación de empresas, en data..... e con número de rexistro.....dentro do programa “As Pontes Emprende” ao abeiro da convocatoria 2018 publicadas no Bop número 121, do 27 de marzo de 2018.

Polo presente RATIFICO dita solicitude a todos os extremos, así como toda a documentación aportada na data sinalada, coa finalidade do cumprimento da base 15ª da nova convocatoria de axudas municipais para a creación de empresas do Concello de As Pontes.

Asdo.

As Pontes de García Rodríguez a....., de .....do 2019”

As Pontes de García Rodríguez, 4 de novembro de 2019

A concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego  
Ana María Pena Purriños

2019/8873